REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 27752 (10/POC-004481)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a programación específica emitida pola CRTVG o día 8 de marzo respecto do Día Internacional da Muller Traballadora de 2018, o tratamento informativo dado ás mobilizacións da cidadanía galega e os servizos mínimos establecidos para esa xornada, así como a substitución das posibles traballadoras participantes na folga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

1.2 24762 (10/POC-004122)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula
Sobre as razóns da ausencia da lingua galega nas accións formativas programadas, así como na documentación formativa, para a adaptación dos profesionais da RTVG a un novo modelo de produción audiovisual dixital que se está a instalar no medio público, o prazo previsto para frear o progresivo desmantelamento da promoción do galego nel e as actuacións que se van levar a cabo para o cumprimento da encomenda de promoción da lingua e literatura galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

1.3 28230 (10/POC-004545)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a situación de concurso na que se atopa a empresa New Models, prestadora do servizo de estilismo na CRTVG, as consecuencias para as traballadoras e as medidas adoptadas por esta ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018

1.4 28896 (10/POC-004634)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os datos referidos ao cumprimento pola CRTVG do seu compromiso de investir o 6% do seu orzamento no cinema galego, así como á emisión pola televisión pública dos proxectos audiovisuais apoiados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

1.5 28959 (10/POC-004647)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a posible incidencia da existencia dun estatuto profesional e dun consello de informativos ao respecto nos informativos da TVG e da Radio Galega no principio de pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia, reflectido na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

1.6 29192 (10/POC-004674)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre os produtos audiovisuais que vai presentar a Corporación Radio e Televisión de Galicia no encontro internacional Conecta Fiction previsto para o mes de xuño de 2018 en Santiago de Compostela, a súa valoración en relación coa súa participación na edición do ano 2017 e as súas expectativas ao respecto para a este ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P

Vicepresidenta

María Ángeles Antón Vilasánchez	P

Secretaria

Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 27752(10/POC-004481)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a programación específica emitida pola CRTVG o día 8 de marzo respecto do Día Internacional da Muller Traballadora de 2018, o tratamento informativo dado ás mobilizacións da cidadanía galega e os servizos mínimos establecidos para esa xornada, así como a substitución das posibles traballadoras participantes na folga

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:23
Nº Rexistro: 27752
Data envio: 12/03/2018 17:23:32.434

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.**

O 8 de marzo de 2018 as rúas e prazas de Galicia tinguíronse do lila feminista. Foron milleiros as mulleres, e tamén homes, as que encheron de cor e cánticos as numerosas vilas e cidades do País nas que se convocaron concentracións e manifestacións, ao longo de toda a xornada, pero especialmente cara a tardiña.

O 8 de marzo de 2018 as mulleres estabamos convocadas, a nivel internacional, polos movementos feministas, a unha folga xeral, laboral, de coidados, estudantil e de consumo, alén de a numerosos actos de protesta para facer visibles as inxustizas ás que aínda nos enfrontamos as mulleres, especialmente no que ten que ver ás desiguais condicións de acceso e presenza no mercado laboral, o que orixina a fenda salarial, e na persistencia das violencias machistas.

A xornada de mobilización tivo un seguimento masivo e carácter de acontecemento histórico en todo o Estado español. En Galiza, veu precedida dunha manifestación convocada o 4 de marzo en Vigo, que foi masiva, e as mobilizacións do 8 de marzo foron das meirandes que se lembran.

O Telexornal Serán do 8 de marzo abriuse coa nova da folga e mobilizacións do 8 de marzo, con imaxes da manifestación de Madrid. Posteriormente, no propio arranque do Telexornal, emítense imaxes das mobilizacións galegas e infórmase do éxito da xornada de xeito correcto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:23
Nº Rexistro: 27752
Data envio: 12/03/2018 17:23:32.434

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Xa no desenvolvemento do Telexornal, a primeira nova é sobre o 8 de marzo, que comeza cunha conexión en directo coa manifestación de Madrid. Noutras novas do Telexornal sobre a folga de mulleres fanse referencias a "España" ou á "folga internacional", pero non á situación específica da masiva mobilización galega. Ademais, na información do 8M no Telexornal, comézase sempre coa valoración a nivel estatal, antes que a galega, e saen antes as valoracións dos líderes sindicais (homes) de UGT e CCOO que os do sindicalismo galego.

A loita pola Igualdade entre homes e mulleres debe ter como aliados aos medios públicos, no tocante ao debido compromiso de transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade, así como de evitar a publicidade sexista. Nunha xornada como o 8 de marzo os medios públicos poden contribuír á causa da igualdade con emisión de programación específica sobre a desigualdade de xénero.

A CRTVG anunciou programación especial para a semana do 8 de marzo, sinalando o ente que "Nos contidos da TVG e da tvG2 destacarase o papel de galegas precursoras na defensa da igualdade e da xustiza e sobresaíntes na súa faceta profesional", que "o variado abano de propostas inclúe a emisión de longametraxes, documentais e entrevistas" e, asemade, que "a muller será tamén protagonista nos programas da Radio Galega, que realizará especiais no 'Convivir' e no 'Diario Cultural'".

A programación especial non incluía ningún debate específico sobre a situación social da muller en Galicia.

En canto á xornada de folga, a negociación dos servizos mínimos do 8M na CRTVG rematou sen acordo cos sindicatos, que os cualificaron de "abusivos".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:23
Nº Rexistro: 27752
Data envio: 12/03/2018 17:23:32.434

Ademais, o comité de empresa da CRTVG denuncia que se chamou e convocou a traballadores dispoñibles para “substituír as mulleres que están exercendo o seu dereito" ao paro na televisión pública, como a presentadora do Galicia Noticias, que foi substituída por un compañeiro.

Polo exposto, as deputadas que subscriben presentan a seguintes preguntas:

1.ª) Cal foi, de xeito detallado, a programación específica que emitiu a CRTVG en torno ao Día Internacional da Muller Traballadora de 2018?

2.ª) Non considera o Director Xeral da CRTVG que abrir o Telexornal serán do 8 de marzo de 2018 con imaxes da manifestación de Madrid é un ninguneo á cidadanía galega que se mobilizou o 8 de marzo?

3.ª) Non considera o Director Xeral da CRTVG que comezar a nova sobre o 8 de marzo no Telexornal serán cunha conexión en directo coa manifestación de Madrid é un ninguneo á cidadanía galega que se mobilizou o 8 de marzo?

4.ª) Non considera o Director Xeral da CRTVG que priorizar a mobilización feminista de Madrid, en lugar da das cidades e vilas galegas, vai en contra da defensa dun ámbito informativo galego?

5.ª) Por que se usan na TVG imaxes da mobilización de Madrid do 8 de marzo, en lugar das mobilizacións galegas, que foron masivas?

6.ª) Non cre o Director da CRTVG que se debería ter impulsado un debate sobre a situación social das mulleres galegas protagonizado por mulleres, en horario de máxima audiencia, nunha data en torno ao 8 de marzo, tanto na televisión como na radio, tal e como se ten dado en canles privadas a nivel estatal?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 17:23
Nº Rexistro: 27752
Data envio: 12/03/2018 17:23:32.434

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

7.ª) Cales foron os servizos mínimos establecidos na CRTVG para a xornada do 8 de marzo de 2018, na que había convocada folga xeral e paros laborais?

8.ª) Chamouse dende a Dirección a traballadores da CRTVG para substituír a posibles compañeiras folguistas? A cantos e en que postos?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/03/2018 17:22:22

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/03/2018 17:22:29

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 24762(10/POC-004122)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns da ausencia da lingua galega nas accións formativas programadas, así como na documentación formativa, para a adaptación dos profesionais da RTVG a un novo modelo de produción audiovisual dixital que se está a instalar no medio público, o prazo previsto para frear o progresivo desmantelamento da promoción do galego nel e as actuacións que se van levar a cabo para o cumprimento da encomenda de promoción da lingua e literatura galegas

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 09:55
Nº Rexistro: 24762
Data envio: 01/02/2018 09:55:18.856

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputadas **do Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral en Comisión,** relativa ao incumprimento das normas sobre o uso do galego no ámbito laboral na CRTVG.

O 5 de outubro de 2017 o Comité Intercentros da Corporación RTVG denuncia o incumprimento da obriga de promoción da lingua galega que teñen os medios públicos en todos os seus ámbitos de actuación, incluídas as relacións laborais, nunha liña que manifesta un desamparo progresivo durante os últimos anos.

Os representantes sindicais advirten "do malestar maioritario que causou entre o cadro de persoal a total ausencia da lingua galega nas accións formativas que veñen de programarse cara a adaptación da maior parte dos profesionais e as profesionais a un novo modelo de produción audiovisual dixital que se está a instalar no medio público".

O comité denuncia que "nos cursos presenciais non se emprega o galego, algo que admiten como xustificado se os docentes son foráneos. Porén, consideran absolutamente indefendible que a documentación formativa non estea na nosa lingua, malia que moitos manuais técnicos dos fabricantes se traduciron especificamente desde o inglés pola empresa encargada de acometer a transformación dixital da CRTVG e da conseguinte formación do persoal, a compañía Telefónica Servicios Audiovisuales."

Para a representación sindical "é inadmisible que o propio portal creado

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 09:55
Nº Rexistro: 24762
Data envio: 01/02/2018 09:55:18.856

especificamente para aloxar o material formativo recorra a un dominio en español (proyectocrtvg.com) e non teña nin sequera os seus menús en lingua galega, o que evidencia unha enorme falta de compromiso co noso idioma e unha clara vulneración do artigo 6 da lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia".

Para o comité Intercentros a redacción dese artigo determina claramente a obriga de empregar o galego en todos os ámbitos das relacións laborais, incluída a formación, xa que establece literalmente que "A lingua da Corporación é o Galego, xa que logo a prestación do servizo de comunicación audiovisual por parte da devandita sociedade e as comunicacións que efectúe ao persoal dependente dela no exercicio das súas tarefas será en lingua galega".

Os sindicatos alertan "dun progresivo desmantelamento da promoción do galego por parte da Corporación, que se manifesta na carencia de programación divulgativa específica e nun departamento lingüístico tan esganado que dificilmente pode asumir a supervisión da produción externa que chega ao centro emisor ao tempo que ofrece soporte ao persoal propio".

O comité Intercentros da CRTVG esixe que a corporación asuma os esforzos que sexan precisos para o axeitado cumprimento da súa encomenda de promoción da lingua e a cultura galegas, xa que o contrario -advirten- é poñer nun grave risco a propia esencia dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes facemos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión :

1.ª) Pode explicarnos os motivos da total ausencia da lingua galega nas accións formativas que se programaron?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 09:55
Nº Rexistro: 24762
Data envio: 01/02/2018 09:55:18.856

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2.ª) Cales son os criterios para que a documentación formativa non estea na nosa lingua?

3.ª) Que mecanismos van poñer en marcha para crear un portal para aloxar o material formativo recorrendo a un dominio en galego?

4.ª) Cando se vai frear o progresivo desmantelamento da promoción do galego por parte da Corporación?

5.ª) Como van asumir os esforzos precisos para o axeitado cumprimento da súa encomenda de promoción da lingua e a cultura galegas?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/02/2018 09:46:16

Paula Vázquez Verao na data 01/02/2018 09:46:24

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 28230(10/POC-004545)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a situación de concurso na que se atopa a empresa New Models, prestadora do servizo de estilismo na CRTVG, as consecuencias para as traballadoras e as medidas adoptadas por esta ao respecto

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2018 16:38
Nº Rexistro: 28230
Data envio: 20/03/2018 16:38:09.211

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

As traballadoras do servizo de estilismo da CRTVG, subcontratado á empresa NEW MODEL´S, levan traballando sen cobrar os seus salarios dende o mes de decembro, despois de que esta empresa declarara concurso de acredores o pasado 21 de novembro. Unha situación económica difícil de comprender cando o contrato de prestación de servizos da CRTVG, segundo denuncian as propias traballadoras, representa máis do 60 % do seu volume de negocio.

Ademais días antes da declaración concursal, o empresario creaba unha empresa que está a prestar o servizo de estilismo a Centroña Producións Audiovisuais para a produción de "Coma un allo", utilizando vestiario, persoal e medios propios da CRTVG e facturando por ese servizo sen que a CRTVG faga algo para impedilo.

A CRTVG é unha empresa pública que non pode consentir por máis tempo esta situación, sendo a súa obriga adoptar as medidas necesarias para que o servizo da contrata se preste axeitadamente, e que se garanta o pago dos salario das traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a CRTVG a situación laboral na que se atopan dende hai meses as traballadoras do servizo de estilismo da CRTVG, subcontratado á empresa NEW MODEL´S?
2. En caso afirmativo, que valoración fai desta situación?
3. Qué medidas tomou a CRTVG para que se garantan os dereitos destas traballadoras?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2018 16:38
Nº Rexistro: 28230
Data envio: 20/03/2018 16:38:09.211

4. Por que a CRTVG permite que, a través doutra empresa creada antes da declaración concursal de NEW MODEL´S, se utilice vestiario, persoal e medios propios da CRTVG e se facture por ese servizo?
5. Ten previsto a CRTVG establecer algún tipo de mediación entre estas traballadoras e a empresa para garantir o cumprimento dos seus dereitos laborais?
6. Considera a CRTVG que esta situación é compatible coa Responsabilidade Social Corporativa da propia corporación no que se refire á supervisión do cumprimento das obrigas das empresas subcontratadas cos seus traballadores e traballadoras?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/03/2018 16:37:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/03/2018 16:37:53

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 28896(10/POC-004634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos ao cumprimento pola CRTVG do seu compromiso de investir o 6% do seu orzamento no cinema galego, así como á emisión pola televisión pública dos proxectos audiovisuais apoiados

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 12:56
Nº Rexistro: 28896
Data envio: 05/04/2018 12:56:50.487

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de seguimento da CRTVG**, sobre os investimentos da CRTVG en materia de produción audiovisual.

A CRTVG ten estabelecido no marco normativo que regula os medios audiovisuais públicos galegos actuar como motor de dinamización e difusión do audiovisual do noso país.

Neste senso, alén do investimento dirixido a produción e coprodución audiovisual que nutren a grella da TVG de series e/ou documentais tamén ten a Corporación o compromiso de investir o 6% do seu orzamento no cinema galego.

Ano a ano a CRTVG dá conta daqueles proxectos que contan coa súa participación mais pouco se ten reflexionado sobre o segundo factor, a difusión deses proxectos especialmente os cinematográficos toda vez que unha das grandes eivas que atopan talentos noveis e mesmo senior, é –alén das dificultades económicas para financiar o proxecto-- a súa distribución e difusión.

Por todo o formulado, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de seguimento da CRTVG:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 12:56
Nº Rexistro: 28896
Data envio: 05/04/2018 12:56:50.487

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantos foron os proxectos audiovisuais que, nos últimos cinco anos, contaron co apoio da CRTVG no marco dos compromisos da Corporación nesta materia (6%)?

- Que criterios rexen na distribución destes fondos e cales son as variábeis que utiliza a CRTVG para os avaliar?

- Que contía, total e desagregada anualmente, foi investida con este obxectivo nos últimos cinco anos?

- Cales son os dereitos e obrigas que adquire a CRTVG por esta participación?

- Cantos destes proxectos foron emitidos, nos últimos cinco anos, pola televisión pública? En que faixa horaria?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 12:56
Nº Rexistro: 28896
Data envio: 05/04/2018 12:56:50.487

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2018 12:56:15

María Montserrat Prado Cores na data 05/04/2018 12:56:20

Ana Pontón Mondelo na data 05/04/2018 12:56:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/04/2018 12:56:23

Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2018 12:56:25

Xosé Luis Bará Torres na data 05/04/2018 12:56:26

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 28959(10/POC-004647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a posible incidencia da existencia dun estatuto profesional e dun consello de informativos ao respecto nos informativos da TVG e da Radio Galega no principio de pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia, reflectido na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28959
Data envio: 06/04/2018 14:31:42.427

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martinez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

Menos dun ano despois, (apenas trescentos días, o triplo que os tradicionais "cen días" de cortesía), a decepción domínanos. A nova dirección dos informativos da CRTVG demostra día a día que o control da información é cada vez maior e máis afastado do respecto o "pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia", contemplados no artigo 4 da vixente Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Exemplos desta actitude vémolos, ou ouvímolos, a diario nos principais informativos da Televisión de Galicia e da Radio Galega, pero podemos citar dous apartados no que o control é especialmente estrito: por un lado toda a información referente ás mobilizacións dos pensionistas, e por outro a cobertura da folga indefinida desde o 7 de febreiro na xustiza galega.

E por isto, queremos coñecer con detalle a cobertura destes dous asuntos nos principais informativos da RTVG (TX 1 e TX 2) desde os primeiros días de marzo.

Tamén queremos saber por que, tanto no que atinxe aos pensionistas coma aos traballadores da xustiza, a información está abrumadoramente dominada pola versión oficial. No caso do conflito da xustiza a maior parte das veces só lle dan palabra ao vicepresidente Alfonso Rueda ou ao director xeral de Xustiza.

Porque nos espazos informativos que dedican máis tempo ás entrevistas en profundidade, (Bos Días na TVG, e Galicia por diante e A Entrevista na RG), non entrevistaron vostedes en todo este tempo a ningún dirixente sindical da xustiza nin a ningún líder das protestas dos pensionistas.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28959
Data envio: 06/04/2018 14:31:42.427

Grupo Parlamentario

Considera vostede que a existencia dun Estatuto profesional e dun Consello de informativos, (contemplado no artigo 36 dita Lei 9/2011, e polo que aínda agardamos), permitiría evitar ou minimizar problemas coma os anteriormente denunciados?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/04/2018 14:29:25

Noela Blanco Rodríguez na data 06/04/2018 14:29:31

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 29192(10/POC-004674)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre os produtos audiovisuais que vai presentar a Corporación Radio e Televisión de Galicia no encontro internacional Conecta Fiction previsto para o mes de xuño de 2018 en Santiago de Compostela, a súa valoración en relación coa súa participación na edición do ano 2017 e as súas expectativas ao respecto para a este ano

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:29
Nº Rexistro: 29192
Data envio: 10/04/2018 17:29:35.930

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Silvestre Balseiros Guinarte, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e **Moisés Rodríguez Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente Non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

A Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior (Icex) e a Fundación SGAE promoveron o pasado ano, entre o 20 e o 23 de xuño, a primeira edición do Conecta Fiction, o único encontro internacional dedicado en exclusiva á coprodución de ficción para televisión entre América Latina, Estados Unidos e Europa.

O evento congregou en Santiago de Compostela a case 400 profesionais do sector televisivo procedentes de 20 países e a representantes de máis de 35 canles de televisión de referencia internacional, como Fox Networks Group, HBO, Netflix, Sony Pictures TV, TV Azteca, Univisión, RTP, RTVE, Atresmedia, Mediaset, Movistar+ ou a propia CRTVG, entre outras.

Durante o seu desenvolvemento mantivéronse máis de 2.500 reunións de traballo e presentáronse proxectos audiovisuais por un volume global de negocio de 110 millóns de euros. Incluso se asinou un acordo institucional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Instituto Nacional de Cine e Artes Audiovisuais de Arxentina (INCAA) para promover de xeito conxunto a creación audiovisual.

O vindeiro mes de xuño Santiago volverá a acoller unha nova edición do Conecta Fiction, que, entre outros obxectivos, persegue, como aconteceu xa na primeira edición, dar visibilidade ao noso sector audiovisual e difundir os valores culturais de Galicia polo mundo.

Dado que a CRTVG participa activamente no desenvolvemento deste evento, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que produtos ten previsto levar a CRTVG ao Conecta Fiction?
2. Que valoración fai a CRTVG do seu paso pola edición do pasado ano do Conecta Fiction e con que expectativas acude a esta segunda edición?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 17:29
Nº Rexistro: 29192
Data envio: 10/04/2018 17:29:35.930

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/04/2018 17:28:00

Maria Antón Vilasánchez na data 10/04/2018 17:28:11

Silvestre Balseiros Guinarte na data 10/04/2018 17:28:17

Jaime Castiñeira Broz na data 10/04/2018 17:28:23

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/04/2018 17:28:30

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/04/2018 17:28:39

Moisés Rodríguez Pérez na data 10/04/2018 17:28:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com